# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO . (EXP. REF. 43-2016). LECTURA DO INFORME TÉCNICO EMITIDO POLO DO XEFE DO SERVICIO DE PARQUES E XARDÍNS NO QUE SE PROCEDE Á VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS EN RELACIÓN COS CRITERIOS AVALIABLES A XUÍZO DE VALOR E Á APERTURA DOS SOBRES C (PROPOSTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE).**

---

Sendo as 13:00 horas do día 09 de marzo de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do servicio de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Dona Carmen Flores Pardo, Vicesecreta accidental;don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodriguez Toajas, Interventor Xeral; don Manuel Regueiro Sánchez, Xefe dos servicios técnicos de parques e xardíns e actuando como secretaria do servicio de dona a Ana Tabarés Martínez , Técnico do servicio de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria a dar lectura do informe técnico emitido polo xefe dos servicios técnicos de parques e xardíns (valoración das proposición en relación avaliables mediante xuízo de valor) con data do día 07 de marzo de 2017, co seguinte teor:

*"Manuel Regueiro Sánchez ,Xefe dos Servizos Técnicos de Parques e Xardins, en relación coa Providencia do Servizo de Contratación referente a " Contratación da Suministración duhna cabina aseo autolimpiable pra instalar no Parque Rosalía de Castro na cidade de Lugo", unha vez vistas as ofertas, teño a ben informar no que respecta aos CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:*
*Proposta técnica: ata 10 puntos co seguinte desglose:*

*a) Equipamento e sinalización: Ata 4 puntos desglosados como segue:*

*-Equipamento.-Avaliaranse as melloras relacionadas coa autolimpeza de baño ou confort do usuario e a seguridade ......2 puntos*
*-Sinalización.-Avaliaranse as propostas que melloran a accesibilidade.....2 puntos.*

*b) Deseño innovador e integración: Ata 4 puntos.*

*Avaliarase a orixinalidade do deseño na súa forma, estética e funcionalidade, ao tempo da súa integración arquitectónica e paisaxística co seu contorno.*

*c) Eficiencia enerxética y medioambiental : Ata 2 puntos*

*Avaliarase a eficiencia da cabina na instalación de elementos de baixo consumo e a xestión eficiente dos recursos naturais.*

*1.- OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS S.A.*

*-Equipamento .- Presenta en xeral unha normal oferta de equipamento.*
*-Sinalización .- Presenta en xeral unha regular oferta de sinalización ,entre outros non consta : Luz led perimetral exterior de cortesía .*
*-Deseño innovador e integración.- Entre outros, presenta en xeral unha mala e incompleta oferta de integración ,falta infografia de integración no medio,así como o claro deseño interior e exterior ,a cuberta carece de voladizo,e o exterior no ten faldón protector .*
*- Eficiencia enerxética y medioambiental .- presenta en xeral unha normal oferta enerxética-medioambiental .Instala LED de baixo consumo, a iluminación natural é a través dunha claraboia , non aporta a certificación da madeira de recubremento (PEFC ou FSC).*

*Faise constar que non constan nin fai referencia aos programas de mantemento preventivo nin correctivo en sí,nin a suas revisiós nin protocolos de actuación. Asi mesmo tan pouco consta a garantía no suministro de pezas homologadas polo fabricante.*

*2.-API ASEOS PÚBLICOS IBÉRICOS S.L*

*-Equipamento .- Presenta en xeral unha normal oferta de equipamento.*
*-Sinalización .- .- Presenta en xeral unha regular oferta de sinalización ,entre outros non consta : Luz led perimetral exterior de cortesía.*
*-Deseño innovador e integración.- .-Entre outros presenta en xeral unha regular e incompleta oferta de integración ,falta infografia de integración no medio,a cuberta carece de voladizo,e o exterior no ten faldón protector .*
*- Eficiencia enerxética y medioambiental .- Presenta en xeral unha normal oferta enerxética-medioambiental Instala LED de baixo consumo,non aporta a certificación da madeira de recubremento (PEFC ou FSC),a iluminación natural e a través de duas claraboias.*

*Faise constar que non constan nin fai referencia aos programas de mantemento preventivo nin correctivo en sí,nin a suas revisiós nin protocolos de actuación.*
*Garantíza durante 10 anos o suministro de pezas homologadas polo fabricante.*

*3.- LORKE SYSTEMS S.L.*

*-Equipamento .- Presenta en xeral unha normal oferta de equipamento. O caudal do sistema de extracción e de un mínimo de 280 m3/h.*
*-Sinalización .- .- Presenta en xeral unha regular oferta de sinalización ,entre outros non consta : Luz led perimetral exterior de cortesía,sinalización braile.*
*-Deseño innovador e integración.- .-Entre outros presenta en xeral unha normal e incompleta oferta de integración , falta infografia de integración no medio,claro deseño exterior ,a cuberta carece de voladizo,e o exterior no ten faldón protector,nin luz exterior perimetral.*
*- Eficiencia enerxética y medioambiental .- Presenta en xeral unha normal oferta enerxética-medioambiental Instala LED de baixo consumo,non aporta a certificación da madeira de recubremento (PEFC ou FSC),a iluminación natural e a través de duas claraboias.*

*Faise constar que sí fai referencia aos programas de mantemento preventivo e correctivo en sí,e tamén as labores de revisiós de actuación.Establece unha revisón cada tres meses que supón catro revisiós anuais.*
*Garantíza durante 10 anos o suministro de pezas homologadas polo fabricante.*

*4.- PROYECTOS E INSTALACIÓN DE MATERIAL URBANO S.A (PRIMUR S.A.).*

*-Equipamento .- Presenta en xeral unha boa oferta de equipamento,entre outros consta : de doble detector de presencia,lavamaos encastrado, posibilidade de Mupi retroiluminado,sistema de prevención de xeadas ,integra nun só ciclo de lavado o aporte de xabón-aclarado - secado,detector que ante a falta de papel para o aseo durante o último uso.*
*-Sinalización .- Presenta en xeral unha boa oferta de sinalización ,con luz perimetral exterior de cortesía,sinalización braile.*
*-Deseño innovador e integración.- Entre outros presenta en xeral unha completa oferta,con infografia de integración no medio,claro deseño interior e exterior , a cuberta conta con voladizo en aceiro inoxidable , faldón protector exterior,zócalo interior do remate de paredes e sólo.*
*-Eficiencia enerxética e medioambiental Presenta en xeral unha boa oferta enerxética-medioambiental Instala LED de baixo consumo, Instala LED de baixo consumo, aporta a certificación da madeira de recubremento (PEFC),fai a recuperación de aguas pluviales.a iluminación natural e a través de pavés en linea.*

*Faise constar que sí fai referencia con unha descrición amplia aos programas de mantemento preventivo e correctivo en sí,e tamén as labores de revisiós de actuación todo elo de forma e maneira clara e concreta.Establece unha revisón cada dous meses que supón seis revisiós anuais.*

*Garantíza durante 20 anos o suministro de pezas homologadas polo fabricante.*

*Dacordo co anteriormente exposto temos o siguinte resumo:*

| | ***EQUIPAMENTO*** | ***SINALIZACIÓN*** | ***DESEÑO E INTEGRACIÓN*** | ***EFICIENCIA ENERXÉTICA E MEDIOAMBIENTAL*** | ***PUNTUACION*** |
|---|---|---|---|---|---|
| ***OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS S.A.*** | *1,5* | *1* | *1* | *1.5* | *5* |
| ***API ASEOS PÚBLICOS IBÉRICOS S.L.*** | *1,5* | *1* | *1,5* | *1.5* | *5,5* |
| ***LORKE SYSTEMS S.L.*** | *1,5* | *1* | *2* | *1.5* | *6* |
| ***PROYECTOS E INSTALACIÓN DE MATERIAL URBANO S.A (PRIMUR S.A.)*** | *2* | *2* | *4* | *2* | *10* |

*Sendo a oferta presentada por "PROYECTOS E INSTALACIÓN DE MATERIAL URBANO S.A (PRIMUR S.A.)",a que neste apartado obtén unha mayor puntuación (10 puntos).*

*E todo canto procede informar a criterio do técnico informante aos efectos oportunos."*

A continuación procedese á apertura dos sobre C (oferta económica suxeita a criterios avaliables automaticamente) das mercantis admitidas á licitación, co seguinte resultado:

1.- OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.:
* **prezo:** 31.971,00 euros máis un 21% de IVE ( 6.713,91 euros), do que resulta un importe total de 38.684,91 euros IVE incluído.
* **incremento do prazo de garantía** de 0 anos a maiores do obrigatorio de 2 anos.
* **Está en posesión das seguintes certificacións das que se achega actualizada a correspondente acreditación** con vixencia na data de remate de presentación de ofertas e que me comprometo a manter durante o período de prestación do contrato :
- Certificación ISO 90001 : SI
- Certificación ISO 14001 de sistemas de xestión ambiental SI
-Certificación OHSAS 18001 : SI

2.- API ASEOS PÚBLICOS IBÉRICOS, S.L:
* **prezo:** 32.680,00 euros máis un 21% de IVE (6.862,80 euros), do que resulta un importe total de 39.542,80 euros IVE incluído.
***incremento do prazo de garantía** de 2 anos a maiores do obrigatorio de 2 anos.
* **Está en posesión das seguintes certificacións das que se achega actualizada a correspondente acreditación** con vixencia na data de remate de presentación de ofertas e que me comprometo a manter durante o período de prestación do contrato:
- Certificación ISO 90001 : SI.

3.- LORKE SYSTEMS, S.L:
* **prezo:** 31.100,00 euros máis un 21% de IVE (6.531,00 euros), do que resulta un importe total de 37.631,00 euros IVE incluído.
* **incremento do prazo de garantía** de 1 ano a maiores do obrigatorio de 2 anos.
* Non aporta certificacións

4.- PROYECTOS E INSTALACIÓN DE MATERIAL URBANO, S.A. (PRIMUR, S.A.)
* **prezo:** : 31.800,00 euros máis un 21% de IVE (6.678,00 euros), do que resulta un importe total de 38.478,00 euros IVE incluído.
***incremento do prazo de garantía** de 0 anos a maiores do obrigatorio de 2 anos.
* **Está en posesión das seguintes certificacións das que se achega actualizada a correspondente acreditación** con vixencia na data de remate de presentación de ofertas e que me comprometo a manter durante o período de prestación do contrato - Certificación en Ecodiseño ISO 14006 relativo ó obxecto do proxecto: SI.
- Certificación ISO 90001 : SI.
- Certificación ISO 14001 de sistemas de xestión ambiental SI.
-Certificación OHSAS 18001 : SI.

A continuación proceden a elaborar os cadro das de valoracións das ofertas, incluidas no sobre C) e o cadro de puntuacións finais obtidas polas mercantis

admitidas á licitación tendo en conta os criterios de avaliación recollidos na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativa que rexiu a licitación de referencia (criterios avaliables a xuizo de valor e criterios avaliables automáticamente) quedando como seguen:

Cadro valoración ofertas incluídas no sobre C):

| **EMPRESA** | **Oferta Económica** | **Incremento prazo garantía** | **Aportación de certificacións** | **Totais** |
|---|---|---|---|---|
| OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.: | 13,88 | 0,00 | 1,5 | 15,38 |
| API ASEOS PÚBLICOS IBÉRICOS, S.L | 4,82 | 6,00 | 0,5 | 11,32 |
| LORKE SYSTEMS, S.L | 25,00 | 3,00 | 0,00 | 28,00 |
| PROYECTOS E INSTALACIÓN DE MATERIAL URBANO, S.A. (PRIMUR, S.A.) | 16,06 | 0,00 | 2,00 | 18,06 |

Cadro puntuais finais:

| **EMPRESA** | **criterios avaliables a xuizo de valor** | **criterios avaliables automáticamente** | **Puntuacións Totais** |
|---|---|---|---|
| OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.: | 5,00 | 15,38 | **20,38** |
| API ASEOS PÚBLICOS IBÉRICOS, S.L | 5,5 | 11,32 | **16,82** |
| LORKE SYSTEMS, S.L | 6 | 28,00 | **34,00** |
| PROYECTOS E INSTALACIÓN DE MATERIAL URBANO, S.A. (PRIMUR, S.A.) | 10 | 18,06 | **28,06** |

A vista do cal os membros da mesa acordan seleccionar como ofertas economicamente mais vantaxosa ó alcanzar a maior puntuación a presentada pola mercantil LORKE SYSTEMS, S.L .

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas; así como ter constituída unha garantía definitiva



MURALLA
patrimonio da humanidade

para cada lote por un importe cada unha do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas, no lugar enriba sinalado

O PRESIDENTE

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabarés Martinez